



UXÍA E JAVIER RUIBAL

DE TU CASA A LA MÍA

Auditorio de Galicia
19 marzo
20.30 h

14 € | Descontos do 50 %

De tu casa a la mía é un retrato musical de dous poetas universais, Rosalía e Lorca, da man e do sentimento de dúas almas que tratan de poñer ás á poesía de ambos autores.

Uxía e Ruibal teñen xa unha ampla experiencia musicando poetas. Este traballo é un paso máis nunha historia de amizade e complicidade que quere seguir o camiño iniciado por Lorca de Granada a Santiago, selando a irmandade norte-sur e a proximidade de espírito e de ideais; poñer no centro o que nos une e non o que nos separa, «tender pontes da túa casa á miña» sobre os versos e a alma de dúas figuras universais.



ENRIC MONTEFUSCO


VIAJE AL CENTRO DE UN IDIOTA

Auditorio de Galicia
1 abril
20.30 h

14 € | Descontos do 50 %

Unha viaxe escénica, poética e musical cara o abismo da perda da identidade, da razón e da moral. Atravesar a sombra como camiño ineludible e o sacrificio como acto artístico por excelencia. En tempos de profunda revisión persoal e social... que queda cando non queda nada?

Enric Montefusco, despois de rodearse nos seus últimos espectáculos dos artistas máis inxeridos e innovadores, volve cruzar a liña que separa a música das artes escénicas para protagonizar a súa proposta máis poética e radicalmente íntima. Faino acompañado de Xavier Bobés, que traballa desde hai máis de quince anos cos obxectos e o seu simbolismo.



MERCEDES PEÓN

OSMOSE

Auditorio de Galicia
23 abril
20.30 h

14 € | Descontos do 50 %

Mercedes Peón, preséntanos un espazo de relación entre o imaxinario de creación colectiva con imaxinarios atravesados polo capital. Relación entre elementos, sistema que filtra corpos incorporados á produción. Corpos sen xénero distribuídos no binarismo de poder e subalternidade.

Osmose dilúe os límites binarios entre a música e a performance. Unha peza atravesada pola obra Nación de Margarita Ledo, en diálogo coa intervención audiovisual e dirección escénica de Peque Varela e co traballo lumínico de Laura Iturralde.

VENDA DE ENTRADAS

ONDE?

- Preferentemente a través do portal compostelacultura.gal
- Despacho de billetes da Zona C. Punto de Información Cultural. Aberto de martes a sábado, de 11 a 14 e de 16 a 19 h. Teléfono 981 542 462
- Despacho de billetes do Auditorio de Galicia desde 1 hora antes do comezo do concerto.

[Para os concertos de SÉS e LOS SECRETOS entradas en ataquilla.com]


Descontos e entradas especiais naquelas funcións marcadas con desconto:

- Descontos do 50% para persoas desempregadas, perceptoras de rendas sociais, xubiladas, maiores de 65 anos, estudantes, menores de 25 anos e membros de familias monoparentais ou numerosas.
- Descontos non acumulables entre si. Só se pode aplicar un desconto por entrada.



Compostela
Cultura

Música
2022
xaneiro—
abril
AUDITORIO
DE GALICIA



SÉS

LIBERAR AS ARTERIAS

Auditorio de Galicia
11 de febreiro
20.30 h

20€ | Entradas en ataquilla.com

Sés non só segue mantendo a súa valente mensaxe, senón que neste novo traballo potenciaa. En *Liberar as Arterias*, que inclúe unha selección de cancións con letra e música da propia cantautora, percorre América de norte a sur, pasando todo polo seu propio filtro, como non podía ser doutra forma. É o seu sétimo traballo discográfico, co que segue facendo evolucionar o particular son que a consagrou no máis alto.

Sés converteuse nunha das artistas de maior éxito na Galiza polo seu carisma e discurso, así como pola forza e calidade das súas cancións, que sen dúbida a levaron a gañarse un oco no público.

MORGAN

THE RIVER TOUR

Auditorio de Galicia
18 febreiro
20.30 h

14 € | Descontos do 50 %

Morgan volven aos escenarios coa súa xira *The River Tour* para presentar o seu terceiro traballo de estudo, titulado *The River and the Stone*.

Este novo álbum é un conxunto de dez cancións nas que empezaron a traballar tras o confinamento en 2020 coa mesma filosofía de sempre: coller unhas cantas ideas e xogar para vestilas tratando de explorar un pouco máis os ambientes, conceptos e sons.

Tras case un ano de traballo viaxaron a Francia para gravar este álbum, resultado de moitas conversas, moitas horas de creación conxunta e, sobre todo, de gozar de facer música cos amigos.

LOS SECRETOS

GIRA 20/22. RECUPERANDO LAS EMOCIONES

Auditorio de Galicia
19 de febreiro
20.30 h

30, 35, 40€ | Entradas en ataquilla.com

Los Secretos presentan a xira 20/22, destinada a recuperar as emocións despois da pandemia. O grupo liderado por Álvaro Urquijo, achégase aos teatros de varias cidades cun show emocionante e tremendamente optimista.

Farán un recorrido polos temas máis emblemáticos do grupo como son *Déjame*, *Pero a tu lado* ou *La calle del olvido* así como cancións máis recentes, e pretenden ser un crisol de emocións nos que a xente poida sentirse identificada.



MANEL

L'AMANT MALALTA

Auditorio de Galicia
5 marzo
20.30 h

14 € | Descontos do 50 %

Tras alcanzar o número 1 da Lista Oficial de Ventas con *Per la bona gent* e converterse no único grupo en logralo en catro ocasións consecutivas con discos cantados en catalán, Guillem Gisbert, Martí Maymó, Roger Padilla e Arnau Vallvé chegan agora con *L'amant malalta*.

Producido polo neiorquino Jake Aron é máis (moito máis) que un apéndice da súa aposta –sempre arriscada e radicalmente contemporánea– pola combinación de tradición e electrónica: é un paso adiante que amplía as fronteiras do seu pop aberto ao hip hop, o R&B, os sintetizadores e todo aquilo que poidas imaxinar.



Compostela Cultura

AVISO!

Debido á situación actual provocada pola pandemia orixinada polo COVID-19, en calquera momento poderán modificarse as normas de organización e acceso ao recinto, así como os horarios dos concertos, segundo as indicacións sanitarias de cada momento.

En caso de diminución da capacidade das salas con respecto ao momento de venda das entradas, estas serán recolocadas por orde de venda ata completar a cabida permitida.

Pregamos contraste a información actualizada na páxina web compostelacultura.gal

PROTOCOLO DE ACCESO A ESPECTÁCULOS EN ESPAZOS PECHADOS DE ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS

Será de aplicación a normativa vixente en cada momento e, así mesmo, a cabida dos espazos

escénicos está limitada ao que recolla a orde vixente no momento da función.

O acceso dos espectadores estará condicionado en todo caso sempre a:

- Uso obrigatorio de máscara
- Desinfección de mans
- Distancia mínima entre persoas esixida pola normativa vixente

- Entrada e saída das instalacións de forma graduada mantendo a distancia de seguridade de 1,5 m. Para iso, o control de acceso realizarase mediante os postos de tiqueo desatendido que permitirán que cada persoa que acceda poida tificar a súa entrada sen contacto físico e mantendo a distancia de seguridade.

Se presenta algún síntoma relacionado coa COVID-19, pregamos non acceda ás instalacións.

- CompostelaCultura
- CCultura
- CompostelaCultura
- CompostelaCulturaTV
- compostelacultura.gal

INFO E VENDA DE ENTRADAS EN compostelacultura.gal

